

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

PRAZAS E BOLSAS NAS RESIDENCIAS XUVENÍS PARA O CURSO 2022/2023

Modalidades de adxudicación de prazas e distribución por residencia:

- Prazas en residencias xuvenís para estudantes.
- Prazas en residencias xuvenís para persoas estudantes colaboradoras bolseiras.
- Prazas en residencias xuvenís para persoas traballadoras.

Residencia	Prazas estudantes	Prazas colaboradoras bolseiras	Prazas persoas traballadoras	Total
CR Xuvenil LUG	66	4	6	76
Florentino L. Cuevillas (OU)	50	5	5	60
Altamar (Vigo)	72	6	7	85

Resérvase un 9% das prazas para o caso de mozas que sufran violencia de xénero ou para mozos e mozas cuxas proxenitoras a sufrisen e/ou para persoas mozas con expediente de protección aberto. Na residencia Altamar de Vigo resérvanse 2 prazas adaptadas para persoas con mobilidade reducida.

DURACION: O período máximo de estadía será de 11 meses durante o curso académico 2022/2023.

SOLICITUDES: ata o 16 de agosto de 2022.

REQUISITOS:

Requisitos específicos para estudantes:

Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos na data do 31 de decembro de 2022.

Cursar estudos de bacharelato, FP, estudos universitarios (grao, doutoramento ou mestrado oficial).

Que no concello de residencia habitual non exista oferta de centros públicos para realizar o curso, nivel ou grao correspondente aos estudos que vaia cursar, agás no caso de estudos universitarios, nos cales a persoa solicitante non obteña a nota de corte ou puntuación mínima para o ingreso.

Requisitos específicos para as persoas traballadoras:

Ter os 16 anos feitos e non superar os 30 anos na data do 31 de decembro de 2022.

Que o lugar de traballo teña o enderezo nun concello distinto ao lugar de residencia habitual.

Que, no caso de que a relación de traballo non sexa fixa ou indefinida, teña unha duración mínima de tres meses contados desde a data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

Que estea dada de alta no réxime de persoas traballadoras autónomas da Seguridade Social para o caso de ser unha persoa traballadora por conta propia.

Requisitos específicos para as persoas estudantes colaboradoras bolseiras:

Ter os 18 anos feitos e non superar os 30 anos na data do 31 de decembro de 2022.

Ter unha renda media familiar inferior ao 150 % do IPREM do ano en curso.

PREZO: Estudantes e persoas traballadoras: Habitación dobre 324 €/persoa e mes. Habitación cuádrupla: 250 €/persoa e mes. As persoas colaboradoras bolseiras terán aloxamento e mantenza gratuítos

INFORMACIÓN:

Consellería de Política Social e Xuventude. Servizo de Xuventude e Voluntariado

Espazo Amizar. Rúa Gregorio Hernández 2-4. A Coruña

Tel.: **881 881 238** www.xuventude.xunta.es

PUBLICACIÓN: DOG 15/07/2022 Sede electrónica:

Procedemento [BS303B](#): prazas en residencias xuvenís para estudantes.

Procedemento [BS303C](#): prazas en residencias xuvenís para persoas colaboradoras bolseiras.

Procedemento [BS303D](#): prazas en residencias xuvenís para persoas traballadoras.

Espazos de Información Xuvenil do Concello da Coruña

Tel.: **981 184 294** ☎ **606 362 366**

cmix@coruna.es www.coruna.gal/informacionxuvenil